

## VOZ CANTADA E COLECTIVOS VULNERABLES

Lucía Casal de la Fuente\*  
luciadafonte@gmail.com

**DEFINICIÓN DO PROBLEMA:** Exponse como problema de investigación se a mellora da baixa autoestima que presentan os grupos vulnerables está asociada ou relacionada cos beneficios que o traballo da voz cantada aporta a nivel persoal e grupal no ámbito social, educativo e cognitivo, e se polo tanto serve como axuda nos procesos de integración e inclusión social.

**OBXECTIVO XERAL:** Comprobar se a baixa autoestima que presentan en xeral os colectivos vulnerables se ve favorecida a través de actividades de canto individual e colectivo.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Diseñar e implementar un programa de formación baseado en actividades a través da voz cantada para favorecer a mellora da autoestima con colectivos vulnerables.
- Favorecer os procesos de participación e inclusión a través da voz cantada.

**PROCEDEMENTO E FASES DE INVESTIGACIÓN:** En primeiro lugar escollerase un colectivo vulnerable, como por exemplo: persoas maiores, refuxiados, inmigrantes, mozos/as en risco social, persoas con discapacidade intelectual, poboación reclusa, drogodependentes, mulleres que recibiron abusos ou persoas sen fogar. Decidido o colectivo vulnerable co que traballar e localizada a mostra participante, a través dun protocolo medidor da autoestima, aplicarase á mostra para poder rexistrar os niveis de autoestima do grupo de xeito individual que presentan nun primeiro momento. Escollerase un/ha participante de cara a realizar un estudo de caso completo. Despois deseñárase e validarase un programa de formación vocal e canto inédito a través dun xuízo de expertos/as. Unha vez validado, implementárase coa mostra seleccionada e rexistráranse os audios e vídeos da práctica das actividades de cara ás análises para o estudo de caso e o estudo grupal dos procesos. Unha vez rematado o programa volverase a medir o nivel de autoestima do grupo-clase, e comprobarase se as diferenzas son significativas entre a primeira medición e a segunda, e se polo tanto a formación no ámbito do canto inflúe ou non na mellora da autoestima dos/as participantes e de que xeito. A metodoloxía a seguir será preferentemente cualitativa-interpretativa, axustada á fundamentación teórica dos construtos a traballar. Non obstante, a cuantificación tamén estará presente, pois precisarase para medir a autoestima a través dos protocolos. Os datos cuantitativos analizaranse co paquete estatístico que mellor se adapte, e os cualitativos a través de cadros de categorización para posteriormente ser analizados. Detallados os datos, procederase á elaboración do informe final. Contéplase a posibilidade de repetir esta experiencia cun colectivo vulnerable similar ao escollido pero no estranxeiro, a través dunha estancia de investigación.